


*24 de febreiro - Día de Rosalía de Castro*



### **CERTAME FOTOGRÁFICO**

O Departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco convocan o certame fotográfico

### ***Obxectivo Rosalia***

Pode participar nel todo o alumnado de Secundaria do CPI Alcalde Xosé Pichel.

En cada curso repartiranse dous poemas da autora homenaxeada.

Entre eles, teredes que escoller un para realizar unha foto relacionada co contido do texto.

O prazo remata o venres, 19 de febreiro.

Antes desa data, aquelas e aqueles que queirades participar tedes que enviar un correo electrónico a [mariaprofegalego@gmail.com](mailto:mariaprofegalego@gmail.com) ou a [cajaraville@gmail.com](mailto:cajaraville@gmail.com).

Ese correo levará como documento adxunto un arquivo .pdf co poema elixido, o voso nome e a fotografía presentada a concurso coa maior resolución posible.

O mércores 24, coincidindo coa efeméride do 184 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, daranse a coñecer as persoas gañadoras do certame.

O xurado elixirá un traballo por curso, e os seus autores/as recibirán un agasallo.